

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2021, adoptou, entre outros o acordo 8/414 MODIFICACIÓN DO ACORDO 22/350 APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DEZ PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (1 INCLUÍDA NA OEP 2018, 6 INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP 2018 E 3 INCLUÍDAS NA OEP 2020), polo que se acorda a aprobación da modificación do acordo 22/350 sobre aprobación das Bases Específicas para o acceso en propiedade a dez prazas de Oficial da Policía local pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda promoción interna (1 incluída na OEP 2018, 6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 3 incluídas na OEP 2020), de xeito que onde di:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de inspector principal, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

debe dicir:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de oficial de policía, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción

dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 9 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcadesa Delegada da Area de Gobernanza:Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2109

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2021, adoptou, entre outros o acordo 9/415 MODIFICACIÓN DO ACORDO 9/35 DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (2016), polo que se acorda a aprobación da modificación do acordo 9/35 de Bases Específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2016), de xeito que onde di:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de inspector principal, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

debe dicir:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de oficial de policía, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción

dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 9 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza:Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2110

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2021, aprobou con carácter provisional a modificación de crédito nº 1/2021, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiada mediante superávit-remanente líquido de tesourería. A partir da data de inserción deste anuncio no B.O.P. ábrese un período de exposición ó público do nomeado expediente, de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non se presentar reclamacións, de conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a citada modificación crediticia entenderase aprobada con carácter definitivo.

Negueira de Muñiz, 9 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2111

RIOTORTO

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2021, aprobáronse os pregos que rexerán na adquisición de terreos para a construción dunha residencia da terceira idade, que se resumen a continuación:

- 1.- Entidade adxudicataria: Concello de Riotorto.
- 2.- Obxecto do contrato: adquisición de terreos para a construción dunha residencia da terceira idade.
- 3.- Forma de adxudicación: concurso.
- 4.- Presuposto de licitación: 56.000 euros.
- 5.- Garantía: non se esixe.
- 6.- Obtención de documentación e información:

Concello de Riotorto

Praza das Rodrigas, 1, 27744, Riotorto (Lugo)

982 34 62 22

- 7.- Data límite de obtención de información e documentación: último día do prazo de presentación de ofertas.
- 8.- Presentación de ofertas: de conformidade cos Pregos, os dez días naturais seguintes ao da inserción deste edicto no BOP, nas oficinas municipais do Concello de Riotorto.
- 9.- Apertura de documentación e ofertas: segundo se dispón nas cláusulas décimo terceira e décimo cuarta dos Pregos.
- 10.- Criterios de adxudicación: os establecidos na cláusula décima dos Pregos.
- 11.- Custo dos anuncios: a cargo do adxudicatario.

En Riotorto, a 13 de xullo de 2021.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2139